

■ 1.º DE MAIO DE 2010

Polo emprego con dereitos e a garantía das nosas pensións

Este Primeiro de Maio de 2010, os traballadores e traballadoras dos cinco continentes celebramos o Día Internacional do Traballo para demandarmos un emprego con dereitos e para esixirmos un mundo máis xusto no que impere o recoñecemento e defensa dos dereitos humanos e os valores universais de democracia, paz, liberdade, xustiza, igualdade e solidariedade.

Os gobernos europeos non deben precipitarse na aplicación de recortes do gasto público e na adopción de medidas de austeridade fiscal, que levarían a unha diminución do déficit público das economías europeas, cun alto custo social e graves impactos sobre os sistemas públicos de protección social. Ademais, cómpre aproveitar a presidencia española da UE para impulsar accións que incentiven a creación de emprego.

Emprego con dereitos

Pedimos un emprego con dereitos, e para iso renovamos a nosa aposta decidida polo diálogo social. Cremos que o actual proceso de diálogo social sobre o mercado de traballo se debe orientar á procura de acordos que melloren a actual situación do emprego no noso país.

En Galicia tamén se demanda do Goberno da Xunta un compromiso

para que o país saia fortalecido da crise actual con máis e mellor emprego, ampliar a protección social e impulsar a economía produtiva galega. Urximos a Xunta a prestar especial atención e vixilancia aos sectores estratéxicos que están en pleno proceso de deslocalización ou caída da actividade e a produción.

Un novo modelo

Os acordos deben acompañarse de políticas encamiñadas ao cambio de modelo produtivo para alcanzar un crecemento económico sostible a longo prazo e a creación de emprego de calidade. Demandamos dos poderes públicos unha aposta decidida polas políticas que promoven os investimentos públicos e privados en educación, formación, I+D+i, TIC, en calidade, medio ambiente e aforro enerxético, e nunha política tecnolóxica e industrial adecuada ás necesidades actuais.

A economía debe estar ao servizo das persoas, e todas as actuacións e axudas do Estado ao sistema financeiro español deben condicionarse a que este dote de liquidez os fogares, autónomos e empresas.

En defensa das pensións

Reiteramos o noso rexeitamento á iniciativa de atrasar a idade legal de

xubilación ata os 67 anos, contestada con mobilizacións sindicais que en Galicia se materializaron o pasado 2 de marzo en manifestacións nas principais cidades e vilas, nas que participaron máis de 30.000 persoas. Afirmamos que os problemas da economía española non están no sistema de pensións.

Fronte á proposta governamental, hai que reforzar os incentivos para que aquelas persoas que o desexen ou precisen poidan atrasar a súa idade de xubilación, sempre nun marco gradual e flexible que, con carácter xeral, permite o anticipo voluntario da idade de xubilación.

Un consenso sobre a nosa lingua

En relación coa lingua, o actual goberno da Xunta optou por romper co consenso que había, impulsando unilateralmente un novo decreto que é amplamente rexeitado pola comunidade escolar e polas organizacións sindicais maioritarias, pois incumpre a encomenda que o Estatuto lles atribúe aos poderes públicos, que están obrigados á promoción do idioma propio de Galicia e a traballar pola súa normalización.

As linguas non son elemento de confrontación, senón pontes de comunicación, polo que reclamamos o regreso ao consenso.

■ Participa con CCOO nas manifestacións que organizamos en toda Galicia

1º de maio

MANIFESTACIÓNS DO 1.º DE MAIO DE 2010

- **VIGO.** Manifestación central con saída do cruzamento da Vía Norte con Urzáiz ás 11:30
- **A Coruña.** Manifestación con saída da praza da Palloza ás 12 horas
- **Ferrol.** Manifestación con saída da praza do Inferniño ás 12 horas
- **Santiago de Compostela.** Manifestación con saída da praza de Cervantes ás 12 horas
- **Lugo.** Manifestación con saída do Edificio de Sindicatos ás 12 horas
- **Viveiro.** Manifestación con saída do Edificio de Sindicatos ás 12 horas
- **Ourense.** Manifestación con saída do Pavillón dos Remedios ás 12:30 horas
- **Pontevedra.** Manifestación con saída da praza da Ferreiría ás 12 horas
- **Vilagarcía de Arousa.** Manifestación con saída da praza da Ravella 12 horas

+ Máis información sobre os actos en www.galicia.ccoo.es ou na túa unión comarcal

polo emprego con
dereitos e a garantía
das nosas pensións